

Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmобles.

ARTIGO 1. Natureza e Fundamento Legal

En uso das facultades contidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, de acordo co disposto nos artigos 105 e 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade ao disposto no artigo 59 e os artigos 60 a 77 e Disposición Transitoria Décimo oitava do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece a regulación do Imposto sobre Bens Inmобles, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao previsto nos artigos 60 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario aprobado por Real Decreto Lexislativo 1/2004, de 5 de marzo e no Real Decreto 417/2006, de 7 de abril polo que se desenvolve o Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario.

Será igualmente de aplicación o disposto nas disposicións de rango legal ou regulamentario ditadas en desenvolvemento da devandita Lei nas que non existe na presente Ordenanza Fiscal tratamento pormenorizado.

A Ordenanza será de aplicación en todo o termo municipal.

O Imposto de Bens Inmобles é un tributo directo de carácter real que grava o valor dos bens inmобles nos termos establecidos no TRLRFL.

ARTIGO 2. Feito Imponible

O feito imponible do Imposto sobre Bens Inmобles está constituído pola titularidade sobre os bens inmобles rústicos e urbanos e sobre os bens inmобles de características especiais, dos seguintes dereitos:

1. De concesión administrativa sobre un ben inmoble ou sobre os servizos públicos a que se atopen afectos.
2. Dun Dereito Real de superficie.
3. Dun Dereito Real de usufruto.
4. Do dereito de propiedade.

A realización dun dos feitos imponibles descritos no parágrafo anterior, pola orde establecida, determinará a non suxeición do inmoble ás seguintes modalidades previstas. Nos inmобles de características especiais aplicarase esta mesma prelación, salvo cando

os dereitos de concesión que poidan recaer sobre o inmovible non esgoten a súa extensión superficial, suposto no que tamén se realizará o feito impoñible polo dereito de propiedade sobre a parte do inmovible non afectada por unha concesión.

Terán a consideración de bens inmoables rústicos, bens inmoables urbanos e bens inmoables de características especiais os definidos como tales nas normas reguladoras do Catastro inmobiliario.

No caso de que un mesmo inmovible se atope localizado en distintos termos municipais entenderase, a efectos deste imposto, que pertence a cada un de eles pola superficie que ocupe no respectivo termo municipal.

ARTIGO 3. Suxeitos Pasivos

Son suxeitos pasivos, a título de contribuíntes, as persoas naturais e xurídicas e as Entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que ostenten a titularidade do dereito que, en cada caso, sexa constitutivo do feito impoñible deste imposto.

No caso de bens inmoables de características especiais, cando a condición de contribuínte recaiga nun ou en varios concesionarios, cada un de eles o será pola súa cota, que se determinará en razón á parte do valor catastral que corresponda á superficie concedida e á construción directamente vinculada a cada concesión. Sen prexuízo do deber dos concesionarios de formalizar as declaracións a que se refire o artigo 76 esta Lei, o ente u organismo público ao que se houbera afectado ou adscrito o inmovible ou aquel a cuxo cargo se atope a súa administración e xestión, estará obrigado a subministrar anualmente ao Ministerio de Economía e Facenda a información relativa a ditas concesións nos termos e demais condicións que se determinen por orden.

Para esa mesma clase de inmoables, cando o propietario teña a condición de contribuínte en razón da superficie non afectada polas concesións, actuará como substituto do mesmo o ente u organismo público ao que se refire o parágrafo anterior, o cal non poderá repercutir no contribuínte o importe da débeda tributaria satisfeita.

O disposto no apartado anterior será de aplicación sen prexuízo da facultade do suxeito pasivo de repercutir a carga tributaria soportada conforme ás normas de dereito común.

As Administracións Públicas e os entes u organismos a que se refire o apartado anterior repercutirán a parte da cota líquida do imposto que corresponda en quenes, non reunindo a condición de suxeitos pasivos, fagan uso mediante contraprestación dos seus bens demaniais ou patrimoniais, os cales estarán obrigados a soportar a repercusión. A tal efecto a cota

repercutible determinarase en razón á parte do valor catastral que corresponda á superficie utilizada e á construción directamente vinculada a cada arrendatario ou cesionario do dereito de uso.

ARTIGO 4. Responsables

Nos casos de cambio, por calquera causa, na titularidade dos dereitos que constitúen o feito imponible, os bens inmobles obxecto dos devanditos dereitos quedarán afectos ao pago da totalidade da cota tributaria, en réxime de responsabilidade subsidiaria, nos termos previstos na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria. A estes efectos, os Notarios solicitarán información e advertirán aos comparecentes sobre as débedas pendentes polo Imposto sobre Bens Inmobles asociadas ao inmovible que se transmite, sobre o prazo dentro do cal están obrigados os interesados a presentar declaración polo imposto, cando tal obriga subsista por non haberse aportado a referencia catastral do inmovible, conforme ao apartado 2 do artigo 43 do texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario e outras normas tributarias, sobre a afección dos bens ao pago de la cota tributaria e, así mesmo, sobre as responsabilidades en que incorran pola falta de presentación de declaracións, o non efectualas en prazo ou a presentación de declaracións falsas, incompletas ou inexactas, conforme ao previsto no artigo 70 do texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario e outras normas tributarias

Responden solidariamente da cota deste Imposto, e en proporción ás súas respectivas participacións, os copartícipes ou cotitulares das Entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, se figuran inscritos como tales no Catastro Inmobiliario. De non figurar inscritos, a responsabilidade esixirase por partes iguais en todo caso.

ARTIGO 5. Supostos de non Suxeición

Non están suxeitos a este Imposto:

a) As estradas, os camiños, as demais vías terrestres e os bens do dominio público marítimo-terrestre e hidráulico, sempre que sexan de aproveitamento público e gratuíto para os usuarios.

b) Os seguintes bens inmobles propiedade dos Municipios en que estean enclavados:

— Os de dominios públicos afectos a uso público.

— Os de dominio público afectos a un servizo público xestionado directamente polo Concello, excepto cando se trate de inmobles cedidos a terceiros mediante contraprestación.

— Os bens patrimoniais, exceptuados igualmente os cedidos a terceiros mediante contraprestación.

SECCIÓN PRIMEIRA. Exencións de Oficio

Estarán exentos de conformidade co artigo 62.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, os seguintes bens inmobles:

a) Os que sexan propiedade do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais que estean directamente afectos á seguridade cidadá e aos servizos educativos e penais, así como os dos Estado afectos á Defensa Nacional.

b) Os bens comunais e os montes veciñais en man común.

c) Os da Igrexa católica, nos termos previstos no Acordo entre o Estado Español e a Santa Sé sobre Asuntos Económicos, de 3 de xaneiro de 1979, e os das Asociacións confesionais non católicas legalmente recoñecidas, nos termos establecidos nos respectivos Acordos de Cooperación subscritos en virtude do disposto no artigo 16 da Constitución.

d) Os da Cruz Vermella Española.

e) Os inmobles aos que sexa de aplicación a exención en virtude de Convenios Internacionais en vigor e, a condición de reciprocidade, os dos Gobernos estranxeiros destinados á súa representación diplomática, consular, ou aos seus Organismos oficiais.

f) A superficie dos montes poboados con especies de crecemento lento regulamentariamente determinadas, cuxo principal aproveitamento sexa a madeira ou a cortiza, sempre que a densidade do arborado sexa a propia ou normal da especie de que se trate.

g) Os terreos ocupados polas liñas de ferrocarrís e os edificios situados nos mesmos terreos, que estean dedicados a estacións, almacéns ou a calquera outro servizo indispensable para a explotación das devanditas liñas. Non están exentos, por conseguinte, os establecementos de hostalaría, espectáculos, comerciais e de espaxamento, as casas destinadas a vivendas dos empregados, as oficinas da dirección nin as instalacións fabrís.

SECCIÓN SEGUNDA. Exencións de Carácter Rogado

Previa solicitude do interesado, estarán exentos:

a) Os bens inmobles que se destinen ao ensino por Centros docentes acollidos, total ou parcialmente, ao réxime de Concerto educativo, en canto á superficie afectada ao ensino concertado.

Esta exención deberá ser compensada pola Administración competente.

b) Os declarados expresa e individualizadamente monumento ou xardín histórico de interese cultural, mediante Real Decreto na forma establecida polo artigo 9 da Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español, e inscritos no Rexistro Xeral a que se refire o seu artigo 12 como integrantes do Patrimonio Histórico Español, así como os comprendidos nas disposicións adicionais primeira, segunda e quinta da devandita Lei.

Esta exención alcanzará aos bens urbanos situados dentro do perímetro delimitativo das zonas arqueolóxicas e sitios e conxuntos históricos, globalmente integrados neles, que reúnan as seguintes condicións:

1. En zonas arqueolóxicas, os incluídos como obxecto de especial protección no instrumento de plan urbanístico a que se refire o artigo 20 da Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español.

2. En sitios ou conxuntos históricos, os que contén cunha antigüidade igual ou superior a cincuenta anos e estean incluídos no catálogo previsto no Real Decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Plan para o Desenvolvemento e aplicación da Lei sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana, como obxecto de protección integral nos termos previstos no artigo 21 da Lei 16/1985, de 25 de xuño.

No estarán exentos os bens inmobles a que se refire esta letra b) cando estean afectos a explotacións económicas, salvo que lles resulte de aplicación algún dos supostos de exención previstos na Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenazgo, ou que a suxeición ao imposto a título de contribuínte recaiga sobre o Estado, as Comunidades Autónomas ou as entidades locais, ou sobre organismos autónomos do Estado ou entidades de dereito público de análogo carácter das Comunidades Autónomas e das entidades locais

c) A superficie dos montes en que se realicen repoboacións forestais ou rexeneración de masas arboradas suxeitos a proxectos de ordenación ou Plans técnicos aprobados pola Administración forestal. Esta exención terá unha duración de quince anos, contados a partir do período impositivo seguinte a aquel en que se realice a súa solicitude.

Gozarán así mesmo de exención:

a) Os inmobles de natureza rústica, cuxa cota líquida sexa inferior a 6,00 €. A estes efectos, tomarase en consideración a cota agrupada que resulte de reunir nun só documento de cobro todas as cotas deste Imposto relativas a un mesmo suxeito pasivo cando se trate de bens rústicos sitos nun mesmo Municipio, de acordo co disposto no artigo 77.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

b) Os inmobles de natureza urbana, cuxa cota líquida sexa inferior a 3,00 €.

ARTIGO 7. Base Impoñible

A base impoñible está constituída polo valor catastral dos bens inmobles, que se determinará, notificará e será susceptible de impugnación conforme ao disposto nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

ARTIGO 8. Base Liquidable

A base liquidable será o resultado de practicar na base impoñible a redución, que no seu caso, legalmente corresponda.

A base liquidable notificarase conxuntamente coa base impoñible nos procedementos de valoración colectiva. Dita notificación incluírá a motivación da redución aplicada mediante a indicación do valor base que corresponda ao inmovible, así como dos importes da devandita redución e da base liquidable do primeiro ano de vixencia do novo valor catastral neste Imposto.

Sen prexuízo do anterior, que será aplicable nos procedementos de valoración colectiva de carácter xeral, nos de carácter parcial e simplificado, a motivación consistirá na expresión dos datos indicados no parágrafo anterior, referidos ao exercicio en que se practique a notificación

Nos procedementos de valoración colectiva a determinación da base liquidable será competencia da Dirección Xeral do Catastro e recorrible ante os Tribunais Económico-Administrativos do Estado.

Cando se produzan alteracións de termos municipais e mentres non se aprobe un novo Relatorio de Valores, os bens inmobles que pasen a formar parte doutro Municipio manterán o mesmo réxime de asignación de bases impoñibles e liquidables que tivesen no de orixe.

ARTIGO 9. Reducións da Base Impoñible

1. A redución na base impoñible aplicarase aos bens inmobles urbanos e rústicos que a continuación se enumeran; en ningún caso será de aplicación aos bens inmobles clasificados como de características especiais:

a) Inmobles cuxo valor catastral se incremente, como consecuencia de procedementos de valoración colectiva de carácter xeral, en virtude de:

1. A aplicación do primeiro relatorio total de valores aprobada con posterioridade a 1 de xaneiro de 1997.

2. A aplicación de sucesivos relatorios totais de valores que se aproben unha vez transcorrido o período de redución de 9 anos a contar desde a entrada en vigor dos novos valores catastrais.

b) Inmobles situados en Municipios para os que se aprobase un Relatorio de Valores que dese lugar á aplicación da redución prevista no parágrafo anterior e cuxo valor catastral sexa alterado, antes de finalizar o prazo de redución, por algunha das seguintes causas:

1.º Procedementos de valoración colectiva de carácter xeral.

2.º Procedementos de valoración colectiva de carácter parcial.

3.º Procedementos simplificados de valoración colectiva.

4.º Procedementos de inscrición mediante declaracións, comunicacións, solicitudes, corrección de discrepancias e inspección catastral.

No caso do artigo 8.1.b), punto 1, iniciarase o cómputo dun novo período de redución e extinguirase o dereito á aplicación do resto da redución que viñese aplicando.

No caso do artigo 8.1.b), puntos 2, 3 e 4, non se iniciará o cómputo dun novo período de redución e o coeficiente redutor aplicado aos inmobles afectados tomará o valor correspondente ao resto dos inmobles do Municipio.

Tratándose de bens inmobles de características especiais, a redución na base imponible unicamente procederá cando o valor catastral resultante da aplicación dunha nova ponencia de valores especial supere o dobre do que, como inmovle desa clase, tivera previamente asignado. En defecto deste valor, tomarase como tal o 40 por cento do que resulte da nova Ponencia

2. A redución da base imponible aplicarase de oficio sen necesidade de previa solicitude polos suxeitos pasivos do Imposto e non dará lugar á compensación establecida no artigo 9 desta Lei. As reducións establecidas neste artigo non se aplicarán respecto do incremento da base imponible dos inmobles que resulte da actualización dos seus valores catastrais por aplicación dos coeficientes establecidos nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado.

3. A redución aplicarase durante un período de nove anos, contados desde a entrada en vigor dos novos valores catastrais, sen prexuízo do que se dispón no artigo 70 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

A contía da redución será o resultado de aplicar un coeficiente redutor, único para todos os inmobles afectados do municipio, a un compoñente individual da redución, calculado para cada inmovible

4. O coeficiente redutor terá o valor de 0,9 o primeiro ano da súa aplicación e irá diminuindo en 0,1 anualmente ata a súa desaparición.

5. O compoñente individual da redución será, en cada ano, a diferenza positiva entre o novo valor catastral que corresponda ao inmovible no primeiro exercicio da súa vixencia e o seu valor base. Esa diferenza dividirase polo último coeficiente redutor aplicado cando concorran os supostos do artigo 67, punto 1.b).2.º e b).3.º do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

No caso de que a actualización de valores catastrais por aplicación dos coeficientes establecidos nas leis de orzamentos xerais do Estado determine unha diminución da base imponible dos inmobles, o compoñente individual da redución será, en cada ano, a diferenza positiva entre o valor catastral resultante da dita actualización e o seu valor base. A diferenza dividirase polo último coeficiente redutor aplicado.

Non obstante, tratándose de bens inmobles de características especiais, o compoñente individual da redución será, en cada ano, a diferenza positiva entre o novo valor catastral que lle corresponda ao inmovible no primeiro exercicio da súa vixencia e o dobre do valor a que se refire o artigo 67.2 que, para estes efectos, se tomará como valor base.

6. Aos inmobles rústicos valorados conforme ao disposto no apartado 1 da Disposición Transitoria Primeira do Texto Refundido da Lei de Catastro Inmobiliario, aprobado por Real Decreto Legislativo 1/2004, de 5 e marzo, seralles de aplicación, até a realización dun procedemento de valoración colectiva de carácter xeral para inmobles desa clase, a redución á que se refire o artigo 67 e, no seu caso, a bonificación que acordase o concello conforme aos artigos 74.2. En ambos os casos, estes beneficios aplicaranse unicamente sobre a primeira compoñente do valor catastral, de acordo co disposto na disposición transitoria primeira do Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario.

A estes efectos, o compoñente individual da redución do artigo 68 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo será, en cada ano, a diferenza positiva entre a primeira compoñente do valor catastral

do inmovible no primeiro exercicio da súa vixencia e o seu valor base. Este valor base será o resultado de multiplicar a primeira compoñente do valor catastral do inmovible polo coeficiente, non inferior a 0,5 nin superior a 1, que se estableza na ordenanza.

En defecto de determinación pola ordenanza aplicarase o coeficiente 0'5.

ARTIGO 10. Valor base da redución

O valor base será a base liquidable do exercicio inmediato anterior á entrada en vigor do novo valor catastral, salvo cando concorran as seguintes circunstancias:

- a) Para aqueles inmovibles nos que, habéndose producido alteracións susceptibles de inscrición catastral previamente á modificación do planeamento ou ao 1 de xaneiro das ponencias de valores ás que se refire o artigo 67, aínda non se houbera modificado o seu valor catastral no momento da aprobación destas, o valor base será o importe da base liquidable que de acordo a ditas alteracións corresponda ao exercicio inmediato anterior á entrada en vigor dos novos valores catastrais pola aplicación aos mencionados bens da ponencia de valores anterior á última aprobada.

- b) Para os inmovibles aos que se refire o artigo 67, no seu apartado 1.b).4.º, o valor base será o resultado de multiplicar o novo valor catastral por un cociente, determinado pola Dirección Xeral do Catastro que, calculado cos seus dous primeiros decimais, se obtén de dividir el valor catastral medio de todos os inmovibles da mesma clase do municipio incluídos no último padrón entre a media dos valores catastrais resultantes da aplicación da nova ponencia de valores.

Nos procedementos de valoración colectiva de carácter xeral, unha vez aprobada a correspondente ponencia de valores, a Dirección Xeral do Catastro haberá públicos o valor catastral medio de todos os inmovibles da clase de que se trate incluídos no último padrón do municipio e o valor catastral medio resultante da aplicación da nova ponencia, antes do inicio das notificacións dos valores catastrais. Os anuncios de exposición pública destes valores medios publicaranse por edictos no boletín oficial da provincia, indicándose o lugar e prazo, que non será inferior a 15 días.

Así mesmo, este valor base utilizarase para aqueles inmovibles que deban ser novamente valorados como bens de clase diferente da que tiñan.

- c) Cando a actualización de valores catastrais por aplicación dos coeficientes establecidos nas leis de orzamentos xerais do Estado determine un decremento da base imponible dos inmovibles, o valor base será a base liquidable do exercicio inmediatamente anterior a dita actualización.

ARTIGO 11. Cota Tributaria

A cota íntegra deste Imposto será o resultado de aplicar á base liquidable tipo de gravame.

A cota líquida obterase minorando a cota íntegra no importe das bonificacións previstas na presente Ordenanza.

ARTIGO 12. Tipo de gravame

1. Os tipos de gravame aplicables aos bens inmobles de natureza urbana serán do 0,52 %.
2. Os tipos de gravame aplicables aos bens inmobles de natureza rústica serán do 0,30%.
3. Os tipos de gravame aplicables aos bens inmobles de características especiais serán do 1,30%.

ARTIGO 13. Bonificacións

1. Establécense as seguintes bonificacións obrigatorias:

a) Establécese unha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto a favor dos inmobles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a esta, e non figuren entre os bens do seu inmovilizado.

A bonificación deberá ser solicitada polos interesados antes do inicio das obras, acompañando a seguinte documentación:

1. Declaración sobre a data prevista de inicio das obras de urbanización ou construción de que se trate.
2. Acreditación de que a empresa se dedica á actividade de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, mediante a presentación dos Estatutos da Sociedade, debidamente inscrita no Rexistro Mercantil.
3. Acreditación de que o inmovible obxecto da bonificación é da súa propiedade, mediante copia compulsada da Escritura de propiedade, certificación do Rexistro da Propiedade ou alta catastral.
4. Acreditación de que o inmovible obxecto da bonificación non forma parte do inmovilizado, mediante certificación do Administrador da Sociedade ou fotocopia compulsada do último balance presentado ante a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a efectos do Imposto de Sociedades.

5. Fotocopia compulsada da alta ou último recibo do Imposto sobre Actividades Económicas ou xustificación da exención de devandito Imposto].

O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá desde o período impositivo seguinte a aquel en que se inicien as obras até o posterior á terminación das mesmas, sempre que durante ese período sexan realizadas efectivamente obras de urbanización ou construción. En ningún caso poderá exceder de tres períodos impositivos.

b) As vivendas de protección oficial e as que resulten equivalentes a estas conforme á Normativa da Comunidade Autónoma, gozarán dunha bonificación do 50% da cota íntegra do Imposto, durante os tres períodos impositivos seguintes ao do outorgamento da cualificación definitiva.

Establécese unha bonificación do 25% na cota íntegra do imposto, aplicable aos citados inmobles unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior.

A solicitude desta bonificación realizaraa o interesado en calquera momento anterior á terminación dos tres períodos impositivos de duración da mesma e producirá efectos, desde o período impositivo seguinte a aquel en que se solicite. Á solicitude acompañarase: certificado da cualificación definitiva como vivenda de protección oficial e documentación xustificativa da titularidade da vivenda.

c) Establecer unha bonificación do 95% da cota íntegra, e no seu caso, do recargo do Imposto, ao que se refire o artigo 153 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, a favor dos bens rústicos das Cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra, nos termos establecidos na Lei 20/1990, de 19 de decembro, sobre Réxime Fiscal das Cooperativas.

2. Establécense as seguintes bonificacións potestativas:

a) Establécese unha bonificación de ata un 90% da cota íntegra do Imposto a favor daqueles suxeitos (pai, nai ou titor) que ostente a condición de titulares de familia numerosa, relativa á vivenda que constituía a residencia habitual da familia e sempre que se reúnan os seguintes requisitos:

1. Se os ingresos brutos per cápita anuais da familia numerosa no exercicio anterior fosen iguais ou inferiores a 6.155,00 euros, a bonificación será do 90%

2. Se os ingresos brutos per cápita anuais da familia numerosa no exercicio anterior fosen superiores a 6.155,00 euros e iguais ou inferiores a 7.898,00 euros, a bonificación será do 50%.

Os ingresos brutos per cápita anuais calcularase dividindo a totalidade dos ingresos brutos anuais da unidade familiar entre o número de integrantes.

No caso dun menor de 25 anos cun grao de discapacidade superior ao 65% computarase como se fosen dúas persoas. No caso de que o grao de discapacidade estivese entre o 33% e o 65% computarase por 1,5.

Esta bonificación concederase para cada exercicio, debendo solicitala os suxeitos pasivos antes do 1 de xaneiro do exercicio en que deba surtir efectos, aportando a seguinte documentación:

- Escrito de identificación do inmovible (titular do IBI, dirección, referencia catastral...).
- Certificado de familia numerosa.
- Certificado do Padrón Municipal.
- Fotocopia das últimas declaracións do Imposto sobre o IRPF, excepto nos casos nos que o suxeito non estea obrigado a presentar tal declaración.

Así mesmo, deberase autorizar ao Concello, segundo o modelo anexo a esta Ordenanza, para recabar a información sobre os ingresos da unidade familiar á AEAT e outras administracións públicas.

- Certificado de discapacidade se é o caso.

A bonificación retirarase, de oficio, o ano inmediatamente seguinte a aquel no que o suxeito pasivo cese na súa condición de titular de familia numerosa ou deixe de concorrer calquera dos requisitos esixidos.

ARTIGO 14. Período Impositivo e Devengo do Imposto

O período impositivo é o ano natural, devengándose o Imposto o primeiro día do período impositivo.

As declaracións ou modificacións que deban facerse ao Rexistro terán efectividade no devengo do Imposto inmediatamente posterior ao momento en que se produzan efectos catastrais.

ARTIGO 15. Xestión

A liquidación, recadación, así como a revisión dos actos ditados en vía de xestión tributaria deste Imposto, serán competencia exclusiva deste Concello, realizándose conforme ao disposto nos artigos 76 e 77 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais

aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e comprenderán, entre outras, as funcións de recoñecemento e denegación de exencións e bonificacións, realización das liquidacións conducentes á determinación das débedas tributarias, emisión dos documentos de cobro, resolución dos expedientes de devolución de ingresos indebidos, resolución dos recursos que se interpoñan contra os devanditos actos, actuacións para a asistencia e información ao contribuínte referidos ás materias comprendidas neste apartado.

Os concellos poderán agrupar nun único documento de cobro todas as cotas deste imposto relativas a un mesmo suxeito pasivo cando se trate de bens rústicos sitos nun mesmo municipio.

Os concellos determinarán a base liquidable cando a base imponible resulte da tramitación dos procedementos de declaración, comunicación, solicitude, subsanación de discrepancias e inspección catastral previstos nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

Non será necesaria a notificación individual das liquidacións tributarias nos supostos en que, de conformidade cos artigos 65 e seguintes desta Lei, se houberan practicado previamente as notificacións do valor catastral e base liquidable previstas nos procedementos de valoración colectiva.

Unha vez transcorrido o prazo de impugnación previsto nas citadas notificacións sen que se houberan utilizado os recursos pertinentes, entenderanse consentidas e firmes as bases imponible e liquidable notificadas, sen que poidan ser obxecto de nova impugnación ao procederse á exacción anual do imposto.

O imposto se xestiona a partir da información contida no padrón catastral e nos demais documentos expresivos das súas variacións elaborados ao efecto pola Dirección Xeral do Catastro, sen prexuízo da competencia municipal para a calificación de inmobles de uso residencial desocupados. Dito padrón, que se formará anualmente para cada termo municipal, conterá a información relativa aos bens inmobles, separadamente para os de cada clase e será remitido ás entidades xestoras do imposto antes do 1 de marzo de cada ano.

Os datos contidos no padrón catastral e nos demais documentos citados no apartado anterior deberán figurar nas listas cobratorias, documentos de ingreso e xustificantes de pago do Imposto sobre Bens Inmobles.

Nos supostos nos que resulte acreditada, con posterioridade á emisión dos documentos a que se refire o apartado anterior, a non coincidencia do suxeito pasivo co titular catastral, as rectificacións que respecto a aquel poida acordar o órgano xestor a efectos de liquidación do imposto devengado polo correspondente exercicio, deberán ser inmediatamente comunicadas á Dirección Xeral do Catastro na forma en que por esta se determine. Esta liquidación terá carácter provisional cando non exista convenio de delegación de funcións entre o Catastro e o concello ou entidade local correspondente.

En este caso, á vista da información remitida, a Dirección Xeral do Catastro confirmará ou modificará o titular catastral mediante acordo que comunicará ao concello ou entidade local para que se practique, no seu caso, liquidación definitiva.

As competencias que con relación ao Imposto sobre Bens Inmóbles se atribúen aos concellos neste artigo exerceranse directamente por aqueles ou a través dos convenios u outras fórmulas de colaboración que se celebren con calquera das Administracións públicas nos termos previstos na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, con aplicación de forma supletoria do disposto no título I da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

ARTIGO 16. Infraccións e Sancións

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias, así como á determinación das sancións que polas mesmas corresponden en cada caso, aplicarase o réxime regulado na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e nas disposicións que a contemplan e desenvolven.

ARTIGO 17. Revisión

Compete ao Concello a revisión dos actos ditados en vía de xestión tributaria deste Imposto, de conformidade co Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

As modificacións introducidas pola Lei de Orzamentos Xerais do Estado ou calquera outra norma con rango legal que afecten a calquera elemento do presente imposto serán de aplicación automática dentro do ámbito desta Ordenanza.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza, aprobada polo Pleno do Concello de Gondomar, entrará en vigor no momento da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de ano seguinte a da súa publicación, permanecendo en vigor até a súa modificación ou derrogación expresa.